



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 3/2021 DO PLENO REALIZADA O DÍA 15-4-2021 (TELEMÁTICA)

Na casa consistorial do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e catro minutos do día quince de abril de dous mil vinte e un reúnen-se, en primeira convocatoria, mediante conexión telemática, (<https://meet.google.com/crs-saje-fzg>) por videoconferencia, debido á situación perigosa de contaxios do coronavirus no concello, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto.

ASISTENTES

Alcalde acctal.: José Ángel Roca Díaz (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)

AUSENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP), por falecemento de familiar

Con carácter previo ao inicio do 1º punto, dáse conta da resolución da Alcaldía do 14-4-2021, pola cal se delegan as funcións da Alcaldía no 1º tenente de alcalde, José Ángel Roca Díaz, por falecemento dun familiar, durante varios días. O Pleno queda enterado, sen que se realicen intervencións.

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 31-3-2021. Pola Presidencia pregúntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) expón que segue mantendo que a redacción da acta da sesión plenaria do 30-12-2020 é incorrecta, xa que non reflicte o que dixo o portavoz do BNG: “é bo e un paso para a independencia”. Considera que é obriga da Secretaría recoller as intervencións dos portavoces nas actas, manifestando que non aprobará ningún acta mentres non se faga a corrección; comenta que na sesión houbo varios cortes de comunicación que puideron afectar ao plantexamento da votación, pero que ela só votou a aprobación da acta no sentido de recoller esta intervención omitida.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Por parte de Secretaría infórmase de que tal acta xa está aprobada na sesión plenaria do 15-1-2021; nesta aprobación atendeuse a petición do sr. Boado (BNG) de reducir a súa intervención ao anuncio do voto de abstención. Tamén se informa de que non existe a obriga de recoller as intervencións na acta, xa que na redacción desta débese recoller unha síntese da opinión dos grupos.

O sr. Freire (PP) replica á sra. Cal que leva insistindo e dándolle voltas a un asunto antigo de pouca importancia, que non interesa ao resto.

Finalmente o sr. alcalde accidental (PP) considera improcedente atender esta proposta, que non corresponde a este punto, xa que a intervención solicitada xa ven recollida nunha acta.

Sometido o asunto a votación ordinaria, por maioría absoluta de 6 votos favorables, 1 voto contrario (sra. Cal) e 1 abstención (sr. Boado), **apróbbase** a acta da sesión ordinaria de 31-3-2021, sen modificación.

En turno de explicación de voto a sra. Cal expón que o motivo do seu voto contrario ven derivado pola non corrección da deficiencia sinalada na acta do 30-12-2020.

2. PLAN DE ACCIÓN POLO CLIMA E A ENERXIA SOSTIBLE (PACES-IRIXOA). Dáse conta da tramitación do documento PACES-Irixoa, practicamente ultimado pola empresa EPTISA, ao que lle hai que facer unha consulta de asociacións, entidades e persoas interesadas; aínda que o prazo para a aprobación e carga do documento remata precisamente hoxe (o acordo de adhesión foi adoptado na sesión plenaria do 31-3-2019), xestionouse unha ampliación de tal prazo, que xa está concedida.

Por parte do sr. Roca (PP) indícanse as obrigas da adhesión ao pacto dos alcaldes e o contido principal do documento provisional aportado por EPTISA; en resumo, o Concello de Irixoa está cumprindo as previsións para a redución da emisión de CO₂, para o cal hai que facer un seguimento e auditoría cada 2 anos, pero hai un gran tema pendente para completar os obxectivos de redución: o transporte (privado e público non municipal) e o sector residencial, sectores nos que hai que incidir para acadar unha redución paralela á municipal.

O Pleno queda enterado e non hai outras intervencións sobre este asunto.

3. DESAFECTACIÓN INICIAL E PERMUTA DE CAMIÑO EN CERRO: PEDRO VARELA OTERO. Dáse conta da tramitación do expediente analizado, iniciado cunha proposta de Pedro Varela Otero, segundo escrito rexistro de entrada nº 251 do 8-3-2021; constan o informe xurídico de Secretaría e o informe técnico favorable, no que se considera a permuta dos terreos beneficioso para o sistema viario.

Rematada a exposición dos antecedentes, retírase temporalmente da sesión, sendo as 13:30 horas, a sra. Cal (PSdeG-PSOE), alegando a implicación directa dun familiar seu no asunto.

Por parte do sr. Boado (BNG) pregúntase se consta o rexeitamento de Arsenio (colindante) a esta desafectación; contéstase que non consta oposición escrita a tal operación.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Tras un breve debate, sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por maioría absoluta de 6 votos favorables, 0 votos contrarios e 1 abstención (sr. Boado), o seguinte **acordo**:

1. Apróbase inicialmente o expediente de desafectación dun camiño público secundario en Cerro (parroquia de Churío), con referencia catastral 15040A037090590000PP, cunha superficie de 47 m². Posteriormente o tramo desafectado será permutado por un terreo desagregado de 107 m² dunha parcela de Pedro Varela Otero. O obxecto de tal desafectación e permuta é mellorar o viario na zona.

2. Ábrese un período de información pública polo prazo de 1 mes aos efectos previstos no art. 8 do Regulamento de Bens das E.L. (R.D. 1372/86, do 13 de xuño), polo que se publicará o pertinente anuncio no B.O.P.; notificarase persoalmente o presente acordo ao colindante titular catastral da parcela 15040B50105106.

3. Unha vez concluído o anterior período de información pública resolveranse as alegacións ou reclamacións, se foran presentadas, e adoptarase o acordo definitivo de desafectación por maioría absoluta. Pola Xunta de Goberno Local deberase aprobar, se procedese, a permuta do terreo desafectado ao propietario colindante que promove a operación.

4. MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 1/2021 (REMANENTE. TESOURERÍA). Dáse conta das memorias da Alcaldía que abren o expediente, así como do informe de Secretaría-intervención-tesourería (favorable), sobre das modificacións propostas relativas a investimentos moi necesarios e que teñen que ser abordados con rapidez (furgoneta, alumado, viario, pluviais, abastecementos, etc.).

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria de carácter telemático, resultando aprobado, por unanimidade de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Aprobar provisionalmente o expediente de modificación orzamentaria nº 1/2021, co seguinte desglose:

INGRESOS

REMANENTE TESOURERÍA

870.00 Remte. Tesourería para gastos xerais.....	21.776,30.-
870.10 Remte. Tesourería para gastos financiación afectada.....	61.012,96.-
SUMA TOTAL INGRESOS.....	82.789,26.-

GASTOS

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO

165.60900 Outras inversións en alumado público (mellora cadros).....	6.000,00.-
CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS	
161.2112.60900 Outras inversións (ampliac. Abast. Auga en Irixoa).....	24.440,94.-
165.2109.60900 Outras inversións (mellora iluminac. Churío).....	5.291,92.-
231.62400 Elementos transporte (furgoneta servizos sociais).....	7.960,00.-
231.2110.62200 Edificios e Const. (edificio Tiulfe-Ambroa).....	20.926,48.-
453.2111.60900 Outras inversións (aglomerado vial Follente).....	10.353,62.-
454.60900 Outras inversións (canalización pluviais Lousada de arriba).....	7.816,30.-
SUMA TOTAL GASTOS.....	82.789,26.-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2. Dado o rexeitamento da Deputación á reformulación do POS+ Adicional 1/2021, tal e como foi aprobado por acordo plenario do 31-3-2021, anúlase dito acordo, quedando ineficaz.

3. Exporase ao público o presente expediente polo prazo de 15 días hábiles a efectos de reclamacións, conforme ao establecido nos arts. 176 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. En caso de non presentarse reclamacións elevarase o presente acordo automaticamente a definitivo.

4. Tras a aprobación definitiva do expediente procederase á publicación no BOP do novo resumo por capítulos, así como á remisión de copias do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.

Sendo as trece horas e corenta minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE acctal.